

# CEIP



## PONTE SAMPAIO

Os nosos maiores son depositarios dunha riqueza cultural nacida da observación e contacto directo coa natureza, da imaxinación creativa nos momentos de traballo e de lecer, da procura de atopar explicacións ó descoñecido. Falamos de refráns, adiviñas, cantigas e lendas que se foron transmitindo de xeración en xeración. Cómpre o recoñecemento para este legado, do que somos herdeiros e debemos ser transmisores, pois o valor deste tesouro é o valor da nosa identidade colectiva.

O CLAUSTRO



Lendas e cantares de  
Ponte Sampaio

CANICOUBA

Capela de S. Mauro

Ruta dos moinhos

CACHEIRO

Capela de S. Estêvão

VILAR

Cova da Moura

PAIÃO

ACEVEDO

Fonte da Fontainha

PONTE SAMPAIO

Ponte Medieval





# BAUTIZO NA PONTE



Sobre os restos dunha antiga ponte romana, seguindo a vía "Per Loca Marítima" que unía Braga con Lugo, testemuña dos saqueos de Almarvor camiño de Compostela, escenario da celebre batalla de Ponte Sampaio contra o exército Francés no transcurso da Guerra da Independencia, érguese a ponte de Ponte Sampaio, camiño obrigado de peregrinos que, seguindo o "Camino Portugués", transitan con devoción cara ó encontro co Santo Apóstol.

## CANTIGA



Vexo Viga, vexo Cangas,  
tamén vexo Redondela.

Vexo a ponte de Sampaio  
camiño da miña terra.





**S**egundo contan os maiores, cando unha muller embarazada tiña o presentimento de que o seu fillo ou filla puidese mover, procedían do seguinte xeito: O último venres de mes, en compañía de tres persoas de confianza, acudían á ponte.

A embarazada, xunto co home que ía realizar o bautizo, situábase no medio da ponte agardando a que alguén pasase e aceptase apadrinar a criatura. Cando así sucedía, comezaba a cerimonia:

Botábase auga do río polo peito da nai ata que lle chegaba a barouga dicindo "No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo", "Eu bautízote no nome de Xosé e María".

Entrementres os outros dous acompañantes impedían o paso a ambos lados da ponte.

Os nenos sempre se conservaban e non movían.

Certo é que non era moi normal que pasase xente ás 12 da noite e aceptase ser padriño ou madriña, polo que tiñan que acudir ó lugar varios venres para levar a cabo a cerimonia.







Subindo polo río Ulló, dende a ponte romana ata máis arriba do Kilas, atopámanos unha fermosa ruta con máis de vinte muiños.

Antigamente, contan os avós, cando ía moita xente a moer, poñíanse a cantar cantigas e contar contos dentro do muiño.

## CANTIGAS

A miña burriña,  
cando vai pro muiño,  
vai enforriñada,  
cheína de frío,  
cheína de frío  
e máis de xiada  
a miña burriña  
sempre vai cargada.

Deus cho pague, pague, muiñeira  
moito cho hei de agradecer  
cando veou, cando veou  
o teu muiño,  
sempre me deixas moer.  
Moendo, moe que moe  
moendo, moe que moe  
moendo, unha muiñada.  
Moendo, moe que moe  
moendo, moe que moe  
unha mañá de xiada.

Un día no muiño,  
un día fun moer.  
Ese día no muiño,  
encontrei o meu querer.  
Encontrei o meu querer  
e tomén o meu amor.  
Un día no muiño  
iso si que da calor.  
E moendo e moendo no gran  
iso na festa común do uran.







Marica foi ó muiño  
 moer un saco de gran  
 e no medio do camiño  
 atopouse co seu veciño  
 que ten sora de ser langián.  
 Tanto tardou en moer  
 non volo poido saber  
 só o que dixo Tadeo  
 que o raio do tarabelo  
 non paraba de moer.  
 Dende entón xa non volveu  
 Marica polo muiño  
 nin tampouco apareceu,  
 aínda pedíndollo, o veciño.

Unha noite no muiño,  
 unha noite non é nada.  
 Unha semanina enteira,  
 iso si que é muiñada.

O muiño troula, troula  
 a auga faino troular  
 as moceiras de hoxe en día  
 robean por se casar.

A quenlla do muiño  
 é pra lestarlle o graniciño.  
 O tarabelo troula, troula  
 para darlle gran ó muiño.



# A CAMA DE SAN ESTEBO



É unha especie de sartego, que se atopa na Caniçouba. Mide aproximadamente 150 cm de longo e 50 cm de ancho. Está esculpida nunha rocha e descuberta por enriba.

Conta a lenda que un carador atopou a San Esteban durmindo no monte, sobre unha gran rocha. O Santo despertou e, cando se ergueu, quedou o leito marcado.

Por iso moita xente, agora, se deita nese lugar para curar a dor de barriga.







**N**o monte do **R**añadoiro hai unha  
cova, entre grandes rochas.

**C**ontan que nese lugar vivían unhas  
mouras que, mentres a xente durmía,  
aproveitaban para roubar nas casas.

**O**s veciños averiguaban e intentaban  
atopar as la-  
dróns. **P**ero un  
día, uns menos  
xogando, viron  
as mouras. **D**e  
volta na vila  
contaron o  
feito e desde  
entón as mou-  
ras nunca  
máis se volver-  
on ver. **A**s  
xois e tesou-  
ros roubados,  
di a tradición,  
que aínda se atopan na cova, pero ata o deago-  
ra ningún os atopou.





CACHELA

DE


SAN

MAURO

No lugar de Cacheiro atópase unha pequena capela adicada a San Mauro.

Parece ser que o Santo estaba na Lamicouba e foi trasladado a Cacheiro, onde se venera agora.

Celebrase a festa o 15 de Xaneiro. Cómesse cacheiro e o cura fai o Sinal da Cruz ós romeiros cun Santo pequeniño.



Moita xente acode á Misma para curar a dor de gorxa e de oídos. Tamén con outras devocións como di a cantiga:

SAN AMARO DE CACHEIRO,  
CASAMENTEIRO DAS VELLAS.  
¿POR QUE NON CASAS AS NOVAS?  
¿QUE MAL CHE FIXERON  
ELAS?



# A FONTE DA FONTAÍÑA



**I**ndo pola estrada de Acevedo, a poucos metros da casa da cultura de Ponte Sampaia, hai unha fonte que chaman a Fonte da Fontaiña. Segundo contan, os veciños das casas dos arredores non casaron, de aí a lenda:

**S**e bebes moito da Fonte da Fontaiña non casas.

**S**e bebes pouco quedas solteiro e con mora.

**S**e non bebes casarás.

